

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 18 DE MAIO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Proxecto de Lei de inclusión social de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada autonómica LU-161 dende o p.q. 22 + 1100 ata o p.q. 23 + 0530 a prol do Concello de Ferreira do Valadouro.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se dispón a declaración de deserto do concurso público para o outorgamento de licenzas para a prestación do servizo de comunicación radiofónica de carácter comercial en ondas métricas con modulación de frecuencia na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo polo que se aproba a creación dunha Comisión de Análise Local para o Estudo e Proposta de Medidas para a Reforma dos Gobernos Locais en Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun acordo de coordinación entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, para a execución do proxecto "Parcería para o apoio técnico á consolidación da Administración Rexional de Augas do Norte (ARA-Norte), Mozambique", polo importe de cento trinta e oito mil euros (138.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Fene á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza ao Igape para establecer condicións especiais de subsidiariedade e a exceptuar as beneficiarias da achega de garantías reais nas operacións que se aproben ao abeiro das bases reguladoras dunha liña de avais do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para facilitar ás empresas galegas o acceso a financiamento destinado ao inicio ou incremento da súa actividade exportadora, instrumentadas mediante convenio coas entidades colaboradoras (Programa Re-Export 2012).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de axentes estimulantes da eritropoese dos centros do Servizo Galego de Saúde (MI-SER1-12-006), por un importe total de seis millóns cincocentos oitenta e dous mil catrocentos doce euros con setenta e sete céntimos (6.582.412,77 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Traballo e Benestar para adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na orde pola que se regulan as axudas económicas para a atención á primeira infancia en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos adheridos ao programa cheque infantil, e se procede á súa convocatoria. Importe total: un millón setecentos catro mil oitocentos setenta euros (1.704.870,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza un gasto derivado dun expediente de contratación do subministración de cento corenta e tres vehículos (143) en réxime de aluguer para os servizos de prevención e defensa contra os incendios forestais, cofinanciado con fondos FEADER, nun 57,56%, por un importe total de cinco millóns, oitocentos setenta e dos mil novecentos oitenta e sete euros con corenta e catro céntimos (5.872.987,44 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre a posta en marcha das seccións de clubs de lectura e da biblioteca profesional da Biblioteca Central de Préstamo.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o gasto farmacéutico. Abril 2012.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A NOVA LEI DE INCLUSIÓN DE GALICIA, QUE COMEZA AGORA O SEU TRÁMITE PARLAMENTARIO

- ***O proxecto de lei articula unha nova RISGA, ao tempo que axiliza os trámites para a súa concesión, que reduce de 3 a 2 meses***
- ***Esta nova norma foi consensuada no seo do Diálogo social, e substitúe a Lei 9/1991 de medidas básicas de inserción social***
- ***Un dos seus puntos fundamentais é que aproveita e promove as sinerxías entre os servizos de emprego e os sociais, co fin de que os usuarios acaden a súa inserción a través dun itinerario único***
- ***Elimínase, tamén, o prazo máximo de 4 anos para os perceptores da RISGA***
- ***A nova RISGA ten tres tramos: tramo persoal e familiar, de inserción, e de transición ao emprego***
- ***Establece, por primeira vez, a compatibilidade con traballos esporádicos, co fin de incentivar o acceso a un emprego***
- ***O novo proxecto tamén reforma as axudas de emerxencia social (AES)***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei de inclusión social de Galicia, que agora comezará o seu trámite parlamentario. Trátase dunha norma que foi consensuada no seo do Diálogo social coa patronal e os sindicatos, e que vén substituír a Lei 9/1991 de medidas básicas de inserción social para adaptarse ás novas directrices europeas.

O obxectivo deste novo proxecto é acadar unha política de inclusión integradora, acorde coa estratexia europea 2020. Para conseguilo, adopta diversas medidas entre as que destacan o aproveitamento e promoción das sinerxías entre os servizos sociais e os de emprego; así como a articulación dunha nova RISGA (renda de integración social de Galicia, que agora pasará a denominarse renda de inclusión social).

Ademais, establécense outros beneficios para os usuarios, como o establecemento da compatibilidade desta prestación cos traballos esporádicos; ou a axilización da tramitación nestas axudas, que pasará do período de 3 meses actuais, a 2 meses (coa excepción dos casos que se tramiten como urxentes, e que veñen tamén establecidos na lei, como é o caso da violencia de xénero, no que o prazo será dun mes).

En canto ás sinerxias entre os servizos sociais e os de emprego, o seu reforzamento obedece á necesidade de crear un itinerario único de inserción para os usuarios, que teña continuidade e coordinación en ambos os dous servizos. Así, por exemplo, as oficinas de emprego e o persoal de orientación e intermediación terán un papel máis relevante á hora de atender estes usuarios.

Neste sentido, estes profesionais encargaranse de realizar unha diagnose de empregabilidade destas persoas, unha intervención que terá continuidade co seguimento a través de accións de orientación.

Nova RISGA

Esta coordinación e reforzamento entre a área social e a laboral reflíctese tamén na articulación da nova renda de inclusión social de Galicia que propón este proxecto de lei. Entre outras novidades, a nova RISGA promove o acceso ao mercado de traballo ao proporcionar ao beneficiario unha contía a maiores se cumpre un itinerario de inserción laboral. Neste segundo tramo, os usuarios tamén subscribirán un convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade.

Así, a nova RISGA quedará dividida en tres tramos para adaptarse a cada caso: o persoal e familiar; o de inserción; e o de transición ao emprego.

O primeiro tramo, o “persoal e familiar”, garante unha contía mínima destinada á cobertura das necesidades básicas das persoas. Estas persoas terán que cumprir un acordo de integración socio-educativa dos menores conviventes, cando os servizos sociais comunitarios o consideren necesario para garantir o seu benestar e dereitos sociais. Por primeira vez, inclúese de forma explícita un compromiso dunha intervención concreta con menores.

Este tramo é prorrogable anualmente sen límite, e non como ata o de agora no que había un prazo máximo de 4 anos, que agora se elimina. A contía desta prestación amplíase no caso de presenza de maiores ou menores na unidade familiar. A contía básica é a mesma que existía ata agora (399,38 euros), pero as porcentaxes nas que se amplía segundo haxa máis membros na unidade familiar son maiores que as actuais.

O segundo tramo, de “inserción”, céntrase na vocación integradora. Para promover o acceso a un posto de traballo, este tramo garante unha contía a maiores que a do tramo persoal e familiar. Polo tanto, o beneficiario deberá cumprir un itinerario orientado á inserción laboral, no que se inclúen tamén accións formativas. Este tramo ten unha duración de 18 meses. Os usuarios deste tramo –tendo en conta unha persoa soa, sen complementos familiares- percibirán un total de 665,63 euros, fronte ao máximo que podían percibir ata agora cos complementos de gastos de inserción –que non eran sempre compatibles entre eles- e que ascendía a 599,08 euros.

O último tramo é o de transición ao emprego, co fin de acompañar os beneficiarios que accedan a un posto de traballo. Para isto, percibirán durante os primeiros seis meses de traballo unha contía que irá diminuindo gradualmente ata extinguirse. O que se percibirá –entre o emprego e a RISGA- terá un límite de 865 euros.

Ademais destes tramos, a RISGA será compatible por primeira vez coas rendas obtidas a través de traballos esporádicos ou de escasa contía. Actualmente, descontábanse da prestación os ingresos que se percibiran por estes traballos. Esta medida tómase para que ningún usuario renuncie á realización dun traballo ou ben recorra á economía

somerxida. Ao mesmo tempo, tamén se establece a compatibilidade con prestacións económicas de contía menor que a das pensións non contributivas.

Estas modificacións da RISGA pretenden dar resposta ás disfuncións que se viñan detectando ata agora, como poden ser a cronificación da situación de exclusión social; ou ben a perda de vinculación do beneficiario co proxecto de inserción, un itinerario que asinaban todos os beneficiarios, independentemente de se estaban ou non en condicións de cumprilo, co que acababa perdendo valor. Agora, os usuarios que polas súas circunstancias non poidan cumprir un itinerario de inserción permanecerán no tramo persoal e familiar; e, pola súa banda, os que accedan a el, terán un incentivo.

Axudas de emerxencia

A nova normativa modifica tamén as axudas de emerxencia social (AES), que agora pasan a denominarse axudas de inclusión social (AIS) e que pasarán a financiar outros aspectos, a maiores do que viñan facendo ata o momento.

Deste xeito, ademais de sufragar situacións de grave emerxencia, financiarán tamén actuacións de acompañamento ou reforzarán medidas de apoio dos diferentes tramos da RISGA. As persoas perceptoras destas axudas vincularanse a proxectos de traballo social ou socio educativos desenvolvidos desde os servizos sociais comunitarios, que se responsabilizarán do seu seguimento.

As axudas de inclusión social, como ata o de agora, estarán destinadas a posibilitar que as persoas cunha grave situación económica continúen habitando na vivenda habitual cando este feito favoreza o proceso de inclusión; a mellorar a habitabilidade da vivenda habitual; ao equipamento do mobiliario básico da vivenda ou axudas para atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico.

No texto tamén se fomentan as empresas de inserción e o seu recoñecemento, así como a adopción doutras medidas de inclusión social, como as accións de discriminación positiva nas políticas activas de emprego.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA LU-161 A PROL DO CONCELLO DO VALADOURO, XA QUE O TRAMO ADQUIRIU AS CARACTERÍSTICAS DE URBANO

- ***A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas toma esta decisión porque o treito discorre integramente polo núcleo urbano, conformando unha rúa con beirarrúas en todo o seu percorrido***
- ***A entrega completárase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia***
- ***A partir da formalización da entrega todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía corresponden á administración municipal***


O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade dun treito da estrada autonómica LU-161 a prol do Concello do Valadouro. O cambio de titularidade fundaméntase en que o tramo, desde o punto quilométrico 22 ata o 23, adquiriu as características de urbano, xa que discorre integramente polo núcleo urbano, conformando unha rúa con beirarrúas en todo o seu percorrido así como edificacións e servizos urbanos.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, estudou e considerou adecuado o cambio de titularidade desde a intersección coa avenida Deputación ata a intersección coa Rúa Rosalía de Castro -que abrangue uns 700 metros- de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes.

O expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da vixente Lei de estradas do 14 de setembro de 1994, que establece que os cambios de titularidade das estradas se aprobarán por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas, e que as estradas autonómicas ou provinciais ou os treitos determinados delas en que a circulación adquira características urbanas se entregarán aos concellos respectivos.

Así pois, o Concello do Valadouro deberá incorporar ao seu plan de estradas os treitos a que se refire este decreto, cuxa entrega se completará no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*.

Correspóndelle ao concello, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova administración titular da estrada.



A XUNTA DECLARA DESERTO O CONCURSO PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE RADIO EN FM

- ***Trátase de salvagardar o interese público e protexer a seguridade xurídica de calquera posible licitador ou adxudicatario das licenzas***
- ***Agora ábrese un prazo de seis meses para convocar un novo concurso***

O Consello da Xunta declarou hoxe deserto o concurso público para o outorgamento de licenzas para a prestación do servizo de comunicación radiofónica de carácter comercial de ondas métricas con modulación de frecuencia na Comunidade Autónoma de Galicia. O Goberno galego toma esta decisión tras a entrada en vigor, o día 3 de abril, do Decreto 102/2012, do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual radiofónica no ámbito da Comunidade galega. Este decreto prevé, na súa disposición derradeira, a posibilidade de declarar desertos os procedementos para o outorgamento de licenzas que se atopen en tramitación, no caso de existir incompatibilidade entre o réxime previsto nas bases da convocatoria e o réxime previsto no mesmo decreto.

Este é o caso do concurso público para o outorgamento de licenzas para a prestación de servizos de comunicación radiofónica de carácter comercial en ondas métricas con modulación de frecuencia na Comunidade Autónoma de Galicia, que estaba en proceso de tramitación.

O Consello da Xunta decidiu declarar deserto este concurso para evitar unha posible situación de inseguridade xurídica, fundamentándose nunha serie de incompatibilidades entre as bases do dito concurso e o decreto de comunicación audiovisual radiofónica.

Neste senso, en primeiro lugar tivo en conta o criterio do ditame emitido no seu día polo Consello Consultivo de Galicia sobre o mencionado decreto, que consideraba que a denominación "emisoras de carácter comercial" non é correcta, dado que impedía concorrer a aquelas entidades que non tivesen ese carácter. Así mesmo, tamén se observaba unha incompatibilidade entre o réxime xurídico de desistencia previsto no decreto e o réxime xurídico de caducidade establecido nas bases do concurso. Entre outras incompatibilidades, tívose en conta que, mentres que as bases do concurso limitaban a prestación de servizos á tecnoloxía analóxica, o decreto abre a posibilidade de empregar calquera tipo de tecnoloxía, ben de tipo dixital ou doutra natureza.

Por todo isto, o Executivo autonómico trata, con esta declaración, de salvagardar o interese público e protexer a seguridade xurídica de calquera posible licitador ou adxudicatario das ditas licenzas. Agora ábrese un prazo de seis meses para convocar un novo concurso.

A XUNTA CONSTITUE UNHA COMISION PARA O ESTUDO DA REFORMA DOS GOBERNOS LOCAIS DE GALICIA

- ***O obxecto da Comisión é propoñer medidas para adaptar as corporacións locais á actual coxuntura económica e ás novas demandas sociais***
- ***A Comisión estará composta por técnicos da Xunta, da Fegamp, e dos tres grupos con representación parlamentaria na Cámara galega***

O Consello da Xunta acordou hoxe a posta en marcha dunha Comisión de Análise Local para o estudo e proposta de medidas para a reforma dos gobernos locais en Galicia, que ten como obxecto a elaboración dun informe no que se analicen e avalíen as alternativas da administración territorial galega, nos planos organizativo, normativo, funcional e financeiro para adaptar as corporacións locais á actual coxuntura económica e ás novas demandas sociais.

A actual situación de crise económica esta a propiciar un amplo debate sobre a necesidade de acometer reformas de calado na nosa estrutura institucional coa finalidade de gañar en eficiencia e eficacia buscando duplicidades e buscando a división administrativa máis acaída para prestar á cidadanía galega os servizos necesarios. O Goberno galego considera que é necesario acometer reformas no mapa municipal, que permanecen inmutables dende o século XIX.

A creación desta Comisión foi aprobada polo Parlamento de Galicia no ultimo debate de Política Xeral, onde se especificaba que debería contar coa participación da Xunta, da Fegamp e daquelas outras institucións que se consideren oportunas, e co fin de propoñer medidas normativas, organizativas e políticas necesarias para adaptar as corporacións locais á actual coxuntura económica e ás novas demandas sociais.

A comisión deberá render no último trimestre deste ano un informe á Dirección xeral de Administración Local, no que se analicen as cuestións propostas e se propoñan as solucións que se consideran máis acaídas.

Esta comisión de expertos, estará composta por técnicos da Xunta, por técnicos da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e por técnicos dos tres partidos presentes no Parlamento galego.

A XUNTA ASINA UN CONVENIO PARA COOPERAR NA MELLORA DA XESTIÓN DA AUGA EN MOZAMBIQUE

- ***O II Plan Director da Cooperación Galega considera Mozambique como país prioritario para a cooperación galega***
- ***O convenio ten como obxectivo o desenvolvemento da xestión dos recursos hídricos e das infraestruturas hidráulicas no país africano***
- ***Aproveitarase a experiencia de Augas de Galicia na planificación hidrolóxica e xestión dos ríos para o fortalecemento do seu organismo equivalente no norte do país africano***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e Augas de Galicia, para o cofinanciamento do proxecto "Parcería para o apoio técnico á consolidación da administración rexional de Augas do Norte (Ara-Norte), en Mozambique.

Este proxecto ten coma obxectivo estratéxico garantir o desenvolvemento da xestión dos recursos hídricos e das infraestruturas hidráulicas en Mozambique, contribuíndo á redución da pobreza da poboación, mellorando a realización das atribucións de Augas Norte, nas concas hidrográficas internas de Montepuez, Messalo, e Megaruma. Aproveitarase a experiencia na xestión de Augas de Galicia e do seu persoal, que dende a súa creación en 1993 xestiona o dominio público hidráulico e prepara e desenvolve a planificación hidrolóxica na demarcación hidrográfica Galicia – Costa.

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, mediante a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, participará no cofinanciamento do proxecto cun importe total de 138.000 euros, para o período 2012-2014.

O goberno galego, de acordo coas súas competencias e funcións en materia de cooperación exterior, vén executando programas e proxectos en países cun baixo índice de desenvolvemento humano por medio dos instrumentos de cooperación técnica e económica en colaboración con outros entes, públicos e privados, co fin de axudar á redución da pobreza.

A Lei 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento, establece como ámbito de actuación preferente da cooperación galega o apoio aos países con menor grao de desenvolvemento, e o II Plan Director 2010-2013 da Cooperación Galega, considera Mozambique como país prioritario para a cooperación galega.

Para facilitar o seguimento deste convenio, constituirase unha comisión mixta, integrada por un representante da consellería de Presidencia, e un representante de Augas de Galicia. A comisión terá como principais funcións a interpretación do convenio, a intervención previa á resolución do incumprimento ou calquera outra incidencia relacionada co convenio.

O CONCELLO DE FENE DELEGA AS SÚAS COMPETENCIAS URBANÍSTICAS NA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE

- ***A APLU será a encargada dos labores de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou axustarse ás súas condicións***
- ***Os ingresos das multas coercitivas e sancións impostas serán repartidos a partes iguais entre a Administración autonómica e o concello***
- ***Con esta adhesión serán 58 os convenios autorizados polo Consello da Xunta***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de adhesión entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o concello coruñés de Fene.

Este acordo permite que o municipio delegue na APLU o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo, que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións. As actuacións terían que estar situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: rústico e urbanizable, mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

A APLU é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Ingresos compartidos

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ao concello.

Cómpre sinalar que a Axencia exercerá estas responsabilidades desde o día seguinte ao da publicación do convenio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e considérase que a vixencia do convenio será indefinida. Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos

emitidos pola axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao concello.

Por último, o Concello debe prestar a cooperación e asistencia activa que o organismo autonómico solicite, co fin de levar a cabo un eficaz exercicio das súas competencias; terá tamén que facilitarlle ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como tanta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuír ao sostemento económico da axencia nos termos que establece o citado convenio de adhesión.

Concellos adheridos á APLU

Con esta nova adhesión serían 58 os convenios autorizados polo Consello da Xunta. Así, a APLU xestiona actualmente 4.146 quilómetros cadrados de superficie correspondentes aos municipios adheridos: 16 na Coruña, 9 en Lugo, 21 en Ourense e 11 en Pontevedra, o que supón 258.888 habitantes.

Concello	Poboación	Territorio (quilómetros ²)
A CORUÑA		
A BAÑA	4528	98
A CAPELA	1439	58
ARES	5628	18,3
ARZÚA	6484	155,4
BOIMORTO	2348	82,4
CABANAS	3105	30
CARIÑO	4617	46,8
CEDEIRA	7511	85,4
DODRO	3024	36,1
LOUSAME	3702	93,6
MIÑO	5628	33
MUGARDOS	5605	12,8
OROSO	6804	72,1
PORTO DO SON	9867	94,6
TOQUES	1416	77,9
VAL DO DUBRA	4481	108,7
LUGO		



BECERREÁ	3276	172,1
BEGONTE	3538	126,8
CASTROVERDE	3110	174,2
LOURENZÁ	2569	62,6
O SAVIÑO	4570	196,6
PANTÓN	2938	146
RIBEIRA DE PIQUÍN	723	73
TRABADA	1436	82,7
O VALADOURO	2209	110,5
OURENSE		
AMOEIRO	2318	39,7
CARBALLEDA DE AVIA	1607	47
CASTRELO DE MIÑO	1981	39,7
CASTRELO DO VAL	1240	122
CORTEGADA	1367	26,9
ENTRIMO	1406	84,5
GOMESENDE	1048	28,3
MACEDA	3153	102
MASIDE	3087	40
NOGUEIRA DE RAMUÍN	5950	100
O BARCO DE VALDEORRAS	14040	85,7
PADERNE DE ALLARIZ	1597	38,8
PARADA DE SIL	729	62,4
PETÍN	1042	30,5
PIÑOR	1430	52,7
SAN AMARO	1335	28,9
TABOADELA	1690	25,2
VERÍN	14237	94,1
VILAMARÍN	2254	56,1
VILARDEVÓS	2382	152,1
PUNXÍN	861	17,1
PONTEVEDRA		
A GUARDA	10404	20,5
CUNTIS	5172	79,8
MEAÑO	5475	27,8



MORAÑA	4349	41,3
NIGRÁN	17869	34,8
OIA	3192	83,3
PONTECESURES	3116	6,7
VILABOA	5935	36,9
FORCAREI	4108	168,4
CALDAS DE REIS	10036	68,2
PONTEAREAS	23316	125,6
TOTAL	258.888	4.146

A XUNTA APROBA A LIÑA RE-EXPORT QUE PERMITIRÁ ÁS PEMES FINANCIAR OPERACIÓNS COTIÁS DE EXPORTACIÓN

- ***O Consello da Xunta autoriza o novo programa da Consellería de Economía e Industria de apoio financeiro aos empresarios que queren competir no exterior***
- ***A nova liña alcanzará avais do 50% a operacións que poderán sumar ata 10 millóns de euros***
- ***O programa favorece o financiamento de materias primas na fabricación dos produtos a exportar así como o anticipo dos cobros das exportacións contratadas***
- ***O Plan Re-Export completa os apoios á Internacionalización da Consellería que dirixe Javier Guerra, que suma nesta lexislatura 76 millóns postos ao dispor das empresas orientadas a medrar no mercado internacional***

O Consello da Xunta acaba de aprobar o novo plan deseñado pola Consellería de Economía e Industria que permitirá ás pequenas e medianas empresas galegas financiar as operacións cotiás para poder levar a cabo a súa actividade exportadora. Co Plan Re-Export, a consellería que dirixe Javier Guerra porá en marcha unha nova liña de avais de apoio financeiro aos empresarios galegos que queren competir no mercado internacional, co financiamento de operacións avaladas nun 50%, que poderán sumar ata 10 millóns de euros.

Deste xeito, complétase o eixo de apoio á internacionalización da peme galega, posto en marcha pola Consellería de Economía e Industria dende o comezo da lexislatura, cunhas achegas que suman xa 76 millóns de euros postos ao dispor das empresas galegas con estratexias destinadas a medrar no eido internacional.

O programa, autorizado hoxe no Consello da Xunta alcanzará avais para facilitar as operacións de exportación das pemes galegas e pór en valor a importancia da colaboración e a implicación das entidades financeiras. O Re-Export está destinado a impulsar as exportacións das pemes de calquera actividade produtiva, facilitando o acceso ao financiamento operativo, tanto para iniciar como para ampliar e consolidar a actividade exportadora.

Os avais concedidos polo Igape, ao abeiro do novo programa, poderán garantir operacións de financiamento do aprovisionamento de materias primas, a fabricación dos produtos que se van exportar, así como os gastos derivados dos procesos de envase, embalaxe e preparación para o envío ao exterior; do mesmo xeito as axudas facilitarán o cobramento anticipado dos importes das exportacións contratadas e materializadas.

Axudas e servizos a prol da internacionalización da peme galega

Este programa porase en marcha ao abeiro da estratexia de internacionalización da Xunta, que ten permitido reforzar as axudas e servizos de apoio á internacionalización do Instituto Galego de Promoción Económica, cun orzamento que este ano chega aos 20 millóns de euros e multiplica por catro os recursos dedicados a este capítulo a finais da pasada lexislatura.

Deste xeito, os empresarios teñen ao seu dispor a Rede Pexga que presta servizos en destino; o Plan Foexga ou Plan Pipe, que favorecen o comercio internacional das empresas galegas, e o programa de axudas Igape á internacionalización. Ademais, a esta estratexia da Xunta cómpre engadir outras iniciativas innovadoras como o programa que hoxe aproba o Consello ou o Plan Re-Acciona, que inclúe a posibilidade de que expertos neste eido fagan ás empresas diagnoses gratuítas das súas posibilidades de pór en marcha estratexias de internacionalización.

O SERGAS AFORRARÁ MÁIS DE 3,5 MILLÓNS DE EUROS COA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE AXENTES ESTUMULANTES DA ERITROPOESE

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da subministración sucesiva de axentes estimulantes da eritropoese para os centros do Servizo Galego de Saúde (Sergas). Estes axentes estimulantes están relacionadoos coa xeración de glóbulos vermellos e son amplamente utilizados nos servizos de nefroloxía (diálise).

O orzamento do contrato é de 6.582.412,76 euros para un período de dous anos. Esta contratación centralizada permitirá acadar un aforro de máis de 3,5 millóns de euros anuais. Isto equivale a unha redución superior ao 50% respecto ao gasto nestes medicamentos no exercicio 2011 grazas á capacidade de xestión da Xunta de Galicia que aproveita os recentes cambios na competencia no mercado destes produtos.

Desta forma búscase obter a mellor relación calidade/prezo a través dun procedemento de compra agregada mediante acordos marco de subministración sucesiva atendendo á demanda dos hospitais da rede do Sergas en relación cos axentes estimulantes da eritropoese.

Así, contribúese a sustentabilidade do sistema sanitario público galego reducindo o custo do funcionamento dos procesos asistenciais, en particular dos tratamentos con estes axentes.

Doutra banda, este procedemento permite definir unha relación exhaustiva de todas as características técnicas esixibles aos produtos e aplicalas de forma común e homoxénea a toda a rede asistencial hospitalaria.

A contratación desta subministración sucesiva ten un período de duración de dous anos coa posibilidade de dous anos de prórroga adicionais.

Este novo concurso enmárcase na estratexia Sergas de revisar todos e cada un dos seus custos para evitar gastar no prescindible e poder gastar no necesario, aumentando a calidade do servizo e a seguridade para o paciente.

A NOVA ORDE DO CHEQUE INFANTIL OUTORGARÁ DIRECTAMENTE A AXUDA ÁS FAMILIAS, QUE PODERÁN ELIXIR LIBREMENTE O CENTRO NO QUE SE INSCRIBEN

- *Ata o de agora, os que accedían a este vía debían elixir entre as instalacións adscritas a este programa do cheque infantil, e eran os xestores destas os que percibían a subvención*
- *Deste xeito, os pais terán máis facilidade e flexibilidade para escoller entre calquera centro autorizado, o que permitirá facilitar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar e adaptalos mellor ás súas necesidades*
- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a modificación desta orde, que conta cun orzamento de 1,7 millóns de euros, 200.000 euros máis que no curso anterior*
- *A contía que percibirán os usuarios por cada praza oscilará entre os 45 euros mensuais das rendas máis altas e os 250 euros para as rendas máis baixas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a nova orde das axudas económicas para a atención de nenos e nenas de 0 a 3 anos, coñecida como "cheque infantil". Para esta nova convocatoria, o Goberno autonómico presenta unha importante novidade, moi demandada polas familias e as xestoras dos centros, que é a libre elección para os perceptores de cheque.

A partir deste ano, os pais e nais poderán elixir sen restricións o centro no que matriculan aos seus fillos, xa que as familias percibirán directamente esta contía a través dun bono mensual. Ata agora, os usuarios que accedían a esta vía só podían acadar unha praza nalgún dos centros adscritos a este programa, posto que eran os propios centros os que percibían a subvención.

Esta modificación introduciuse co fin de facilitar aos pais e nais unha maior flexibilidade ao poder escoller calquera centro, sempre que estea autorizado, o que permitirá facilitar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, ao non ter que adaptarse a unha lista pechada de centros. Esta orde foi, ademais, consensuada coas principais asociacións de escolas infantís privadas.

Para este curso 2012-2013, a orde conta cun orzamento de 1,7 millóns de euros, o que supón 200.000 euros máis que o ano anterior. Con respecto aos beneficiarios, o número adoita situarse ao redor dos 1.000 usuarios cada curso, pero non se pode facer unha estimación para este ano, porque a cifra de beneficiarios variará en función da renda das familias que a soliciten.

A contía que percibirá cada usuario oscilará entre os 45 euros mensuais das rendas familiares máis altas e os 250 euros das rendas máis baixas cando acceden a unha praza educativa con comedor. En ningún caso a contía poderá superar o custo da praza.

En canto aos requisitos, terán prioridade –como en anos anteriores- aqueles nenos e nenas que xa tivesen concedida a axuda no curso pasado, de xeito que se poida dar continuidade á súa escolarización, se seguen cumprindo os requisitos da orde.

O importe aboarase ás familias de xeito mensual, logo de que estas xustificasen ante a xefatura territorial a matrícula no centro onde vaian acudir, xunto co horario, a data de comezo e o importe da mensualidade. Desde que empecen a percibir a axuda, as familias deberán, ademais, xustificar cuadrimestralmente que durante ese período mantiveron os requisitos e utilizaron o servizo a que está vinculada a axuda. Esta xustificación farase mediante a presentación dos recibos mensuais, a declaración de non percibir outras axudas, e de estar ao día nas obrigas tributarias.

Con respecto aos novos solicitantes, mantéñense os criterios da orde de cursos pasados: poderán pedir a axuda aquelas persoas con nenos e nenas de 0 a 3 anos que tiñan solicitado praza pública e non resultasen adxudicatarios, sempre e cando exercesen a opción polo cheque infantil cando solicitaron a praza; tamén poderán solicitar esta subvención aquelas persoas que residan en localidade onde non existan escolas infantís de 0 a 3 anos sostidas con fondos públicos.

O período de solicitude desta axuda será dun mes a partir da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). A axuda percibirase por un período máximo de 11 meses

MEDIO RURAL E MAR INCORPORA 143 NOVOS VEHÍCULOS PARA OS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación desta subministración en réxime de aluguer por un período de 36 meses***
- ***O importe total deste gasto, cofinanciado con fondos Feader, ascende a 5.872.987,44 euros***

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a Consellería do Medio Rural e do Mar o gasto derivado dun expediente de contratación da subministración de 143 vehículos -en réxime de aluguer- para os servizos de prevención e defensa contra os incendios forestais. O importe total ascende a 5.872.987,44 euros e está cofinanciado con fondos Feader.

A Xunta dá os pasos necesarios para estar preparado para a campaña do verán

Prevención

A duración total deste contrato de aluguer é de tres anos contados dende a data de entrega da subministración, coa posibilidade de ser prorrogable outros 18 meses.

CULTURA E EDUCACIÓN PON OS FONDOS DA BIBLIOTECA DE GALICIA A DISPOSICIÓN DE TODOS OS GALEGOS E GALEGAS A TRAVÉS DO SERVIZO DE PRÉSTAMO

- *A biblioteca dispón dun amplo catálogo de fondos impresos e noutros soportes, que se emprestan a outros centros bibliotecarios de todo o territorio galego*
- *Ademais, póñense en marcha servizos específicos para os profesionais de diversos ámbitos e para os clubs de lectura*
- *Con esta iniciativa, a Consellería contribúe á dinamización da lectura, favorece o acceso ao coñecemento por parte da cidadanía e fomenta a colaboración entre os centros da Rede de Bibliotecas de Galicia*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pon a disposición de todos os galegos e galegas os fondos da Biblioteca de Galicia, da Cidade da Cultura, a través do servizo de préstamo interbibliotecario. Estes fondos inclúen tanto a colección xeral –fondos impresos e noutros soportes– como a colección especializada destinada a profesionais dos ámbitos de biblioteconomía, documentación, arquivística e museoloxía. En total, a Biblioteca de Galicia ten preparado para o servizo da Biblioteca Central de Préstamo 20.883 títulos con 39.360 exemplares.

Ademais, a Biblioteca de Galicia puxo en marcha un novo servizo, específico para o préstamo aos os clubs de lectura, co que a Consellería amosa o seu apoio a estes grupos, que levan a cabo unha importante contribución á dinamización da lectura en toda Galicia.

O Consello da Xunta emitiu hoxe informe sobre o funcionamento deste sistema de préstamo, co que o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad fomenta a colaboración entre os centros da Rede de Bibliotecas de Galicia e achega a todos os galegos e galegas os fondos do seu catálogo, co obxectivo de difundilos e ampliar e mellorar a oferta e a prestación de servizos. Desta forma, avánzase na creación dun servizo bibliotecario de ámbito comunitario no eido do préstamo de exemplares..

Novos servizos: apoio aos profesionais

No marco deste servizo, cómpre facer mención especial á colección profesional da Biblioteca de Galicia, que comprende os fondos relacionados cos ámbitos de biblioteconomía, documentación, arquivística e museoloxía. O préstamo desta colección especializada, que inclúe 4.104 títulos con 6.107 exemplares, é un novo servizo que proporciona un amplo soporte informativo e documental aos profesionais e técnicos deste sector. A través dela, achégaselles a estas persoas unha ampla bibliografía que lles facilita a posta ao día en materias como as novas tecnoloxías, a normativa e os sistemas de traballo, ámbitos que se están a actualizar a cotío.

Trátase de exemplares que se poñen tamén á disposición de estudantes universitarios e que non se atopan de forma habitual nas bibliotecas municipais, co que constitúen un fondo documental imprescindible, que se pode consultar nas salas de acceso aberto da biblioteca do Gaiás. Agora, estes exemplares tamén chegan a toda Galicia a través do préstamo interbibliotecario, o que constitúe unha importante vantaxe para que as persoas que non poden desprazarse ata a Cidade da Cultura poidan realizar a súas consultas.

Préstamos aos clubs de lectura

Outro dos novos servizos do sistema de préstamo interbibliotecario é o destinado aos clubs de lectura, que tanto están a contribuír á dinamización do hábito lector entre as galegas e os galegos. Co fin de servir de apoio e de coordinación aos clubs de lectura existentes nas bibliotecas públicas galegas créase o Club de Lectura de Galicia para dar todo tipo de asesoramento, proporcionar o material (libros, películas etc.) para o seu desenvolvemento e organizar actividades que complementen a animación á lectura no ámbito do propio club ou que fomenten as relacións e vínculos entre clubs.

Así, os clubs de lectura poden solicitarlle á Biblioteca de Galicia o préstamo de lotes de polo menos 10 exemplares do mesmo título, a través do Club de Lectura de Galicia. Na actualidade hai a disposición destes grupos 357 títulos, un total de 8.020 exemplares de narrativa, teatro, poesía e banda deseñada, en galego, castelán, francés, inglés, italiano e portugués.

Ademais, está prevista a elaboración dun blog do Club de Lectura de Galicia, que conterá a información necesaria da colección de fondos para o préstamo, o acceso a petición de obras e recursos de información sobre clubs de lectura. O obxectivo deste blog é fomentar a relación entre os clubs existentes, e favorecer a coordinación de actividades e noticias, así como a formación dos coordinadores deles.

Mellor servizo

A través da Biblioteca Central de Préstamo, a Consellería aposta por unha oferta ampla de servizos á disposición dos usuarios das bibliotecas públicas de Galicia, contribúe á dinamización da lectura, favorece o acceso ao coñecemento por parte da cidadanía e fomenta a colaboración entre os centros da Rede de Bibliotecas de Galicia.

GALICIA AFORROU 9,8 MILLÓNS DE EUROS NA SÚA FACTURA FARMACÉUTICA NO PERÍODO XANEIRO-ABRIL 2012

- ***O gasto medio por receita na nosa Comunidade en abril continúa por debaixo dos 12 euros, situándose en 11,77***
- ***Sanidade continuará no 2012 apostando polas medidas de racionalización do gasto farmacéutico***

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe tratou un informe da Consellería de Sanidade referido ao gasto farmacéutico de abril de 2012, no que se reflicte que Galicia aforrou 9,8 millóns de euros no período xaneiro-abril respecto ao mesmo período do ano 2011, cunha porcentaxe de diminución do gasto do 3,5%.

Segundo este informe, o gasto medio por receita no mes de abril de 2012 situouse en 11,77 euros, o que supón unha diminución deste do 6,73% respecto ao valor que tiña en abril de 2011, cunha diminución neta do valor de 0,85 euros.

A Consellería de Sanidade continúa unha tendencia á mellora neste eido grazas ao fomento das mellores prácticas de prescrición e xestión. Os aforros obtidos a través das accións postas en marcha pola Administración sanitaria galega encamiñadas a conter o noso gasto farmacéutico e a fomentar o bo uso do medicamento, están a permitir garantir a solvencia e facilitar a sustentabilidade do sistema sanitario galego.

Aposta por continuar con estas medidas de racionalización

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde continuarán en 2012 apostando polas medidas de racionalización postas en marcha a través do impulso de boas prácticas de prescrición e do bo uso do medicamento, realizando unha xestión eficiente dos recursos dispoñibles.

Ademais de continuar co Catálogo priorizado, tamén se puxeron en marcha outras medidas como a ampliación do programa de atención farmacéutica nas residencias sociosanitarias, a continuación do programa de fomento de boas prácticas de prescrición con novos obxectivos, así como o traballo conxunto da comisión autonómica central de farmacia e terapéutica cos profesionais e sociedades científicas.

No ano 2011, coa implantación do Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos, entre o mes de xaneiro e o mes de decembro de 2011, a factura farmacéutica de receita oficial foi de 102,1 millóns de euros menos que o mesmo período do ano 2010, o que supón unha diminución do gasto farmacéutico do 10,96%.

Outro dato a destacar logo do ano de aplicación do Catálogo é a evolución da prescrición de envases xenéricos na nosa Comunidade. Mentres a porcentaxe de prescrición de envases xenéricos no mes de abril de 2009 se situaba arredor do 10%, no mes de decembro de 2011 acadou xa o 33,24%.